

Fiando historias de coidado



Nobelo

Fiando historias de coidado



Organización

InteRed Galicia
Praza do Matadoiro, 7-Baixo.
15703 Santiago de Compostela.

Teléfono: 981 58 79 66
Enderezo electrónico: galicia@intered.org

Primeira edición

Galicia, decembro de 2013

Coordinación e edición

Noelia García Camiña, Ana de la Huz Serrano, Marcos Ferro
García

Narradores das historias

Alfredo Alonso Magán, Avelino Bouzada Vicente, Benjamín
Cal Vicente, Bienvenida González Martínez, Carmen Álvarez
Gándara, Consuelo Torres Alcalde, Juan Luis Rey Becerra, Julia
Martínez Areal, M^a Luisa Cuña Martínez, Marina Fernández
Domínguez, Natalio Mariño Pintos, Orita Silva Álvarez e Ra-
món Alonso López.

Colaboradoras

Amalia Álvarez Vega e Isabel Ayán Burillo

Ilustración e maquetación

Marcos Ferro García

Imprime

Tórculo Artes Gráficas

ISBN

978-84-937893-5-0

DL

C 2398-2013

Índice

Primeira parte: as historias 5

A nosa historia 6

Avelino 8

Benjamín 10

Bienvenida 12

Carmen 14

Consuelo 16

Juan 18

Julia 20

Luisa 22

Marina 24

Natalio 26

Orita 28

Ramón 30

Tito 32


Segunda parte: Recoller a historia dos demais...

...e a nosa propia 35

Receita para recoller historias 36

Fotos do encontro interxeracional 38

Agradecementos 41



Primeira parte:
As historias

*«Os científicos dín
que estamos feitos de átomos,
mais a mín un paxariño
contoume que estamos
feitos de historias»*

Eduardo Galeano





A nosa historia

Conta Galeano que os seres estamos feitos de historias, grandes, pequeniñas, susurradas, berradas ben alto, escritas, debuxadas, fotografadas, gravadas, cantadas e algunhas veces silenciadas e esquecidas nalgún recuncho que non soemos visitar.

Porque ás veces, neste mundo global e de présas, esquecemos que nós mesmas estamos feitas de historias, e que vivimos rodeadas de persoas que están tamén cheas de palabras, e, se nos paramos a escoitar, ensinarannos as pezas do puzzle do que somos.

Disto vai este libríño, de recoller as historias que gardamos, as vidas que nos contamos, e compartilas creando pontes que nos unan e espellos nos que mirarnos.

Para nós, aí está a raíz do coidado, ser o que unha é, amar a súa propia historia, o seu conto, e compartilo sabendo que o outro o acollerá e será parte da propia historia.

Primeiro foi un soño dunhas tolas que aman escoitar historias, sobre todo das persoas máis maiores da nosa sociedade, ás que cada vez invisibilizamos máis, esquecendo o enorme potencial que con iso perdemos.

InteRed e Amalia confiaron en nós, e cunha liberdade que xamais tivemos, axudáronnos a levalo a cabo en Tomiño.

Isabel foi a nosa ponte, enlace e guía no lugar, e levounos onda o grupo máis fantástico e interesante que podíamos imaxinar. Con eles e elas des-

cubrimos que a sabedoría está á volta da esquina, xusto ó noso lado, e que as persoas maiores sempre son moito, moito máis do que parece a simple vista.

Compartimos, fomos felices, fixemos cámaras de fotos con latas de té, vimos fotos doutros tempos, reunímonos con nenos e nenas que debuxaron as súas historias e profesores que debuxaron árbores de papel, e sobre todo, escoitámonos e aprendemos tanto, tanto, que as palabras non chegan para contalo.

Esperamos que con este libro vós poidades sentir e gozar tanto coma nós facéndoo, e que vos anime a compartirvos e compartirnos as vosas historias, sempre estamos felices de escoitalas e seguro nos axudarán a ver máis aló do evidente.

Agora poñemos na vosa man este nobelo e animámosvos a seguir o fío de historias que compoñen estas páxinas. Agarrádeo ben, entrade coma Teseo neste labirinto de contos. Vémonos á saída...





Avelino

Eu empecei traballando xa de novo, ía á escola, e á tarde íbamos coas ovellas e coas vacas. O meu veciño Benjamín andaba de albañil, e eu anduven de “pinche” con el. El despois fíxose oficial, e eu dáballe material.


E despois ós doce anos empecei a tocar. Co primeiro pantalón largo que puxen. Empecei a tocar o clarinete, e despois, con dezaoito anos, collín o saxo. Entón comencei a tocar en orquestras: toquei na “Tropical” en Tomiño, toquei na “Imperial”, na Guarda, en “La música” de Tui, en “La mú-

sica” de aquí de Tomiño... e en Alemania. No 63 marchei a Alemania.

Facía máis ou menos vinte anos que non tocaba, ata hai uns meses, que toquei unhas peciñas, pero o hábitos péndense...

Encantábame a música, cando podía collía o saxo e púñame a estudar o Método que tiña. Despois tamén coidaba aos meus pais, eramos cinco irmáns, tres mulleres e dous homes, e marcháronse moitos, uns para Norteamérica, outro para Montevideo...






Benjamín

Mi vida fue de mucho trabajo, desde los 12 años. Nací en Forcadela. Fuí a la escuela, pero tenía que ir primero al monte con las vacas. Después, me marché al servicio [militar]; del servicio para Palencia, y de Palencia a Venezuela. En Venezuela estuve 44 años.

Toda una vida. Mi esposa falleció allí, y después de eso me vine, hice una casa, y aquí estoy. Ahora vivo solo, tengo dos hijos, uno vive en Madrid y otro en Cangas, que es quien más me visita, y me lleva al médico.





Bienvenida

A miña vida era así, mandá-bannos traballar, mandában-nos á escola, ó monte a por piñas. Coa miña nai tamén traballaba no campo. A única cousa que non me gustaba de miña nai era que me mandaba subir ós pinos a por piñas. Subir, subía ben, pero o problema era que se movían anque houbera pouquiño aire. Aquello trastornábame.

E despois entrei a servir nunha casa. Un día fun cunha veciña, que se chamaba Carme, a Goián, a unha feira, e ela púxose a falar con outra señora. Ó cabo dun pouco a señora Carme preguntoume: Bienvenida, ¿tú querías vir para a casa desta señora, aquí a Goián? Non lle dixen que sí nin que non, pero as mulleres quedaron falando, e ó outro día, de mañá, tiña á señora alí. E eu non lle contara nada

á miña nai, e ela empezou a reñir: “Que no, y que no”, e que mandaba ela. E eu, que non lle dera solución a señora, nin que sí nin que non, dixen: “pois mire, agora vou”. Pensei que sería mellor que andar a traballar así como andaba.


Eso foi no 48, o nove de marzo do 48 víñenme para Goián, e no 50 caseime co fillo daquela señora. Despois tiveron que cuidalo durante moitos anos, a el e a miña sogra, ía con ela a onde fóra, e tratábame como se fóra a súa filla.

E aínda así, sempre tuven que traballar. Traballei moito, anque o meu marido, máis que a obrigación da casa, nunca me pedía. Tiven catro fillos, e vívenme os catro. Nós eramos cinco irmáns, e só vivo eu e máis outra. E a miña nai, para sustentala no que fixo fal-

ta, sempre a axudei. Cando os meus fillos foron algo máis grandes, tamén me gustaba traballar algo no campo. Botaba as patacas eu sola, sementaba millo... meu marido

dicíame: "non quero que botes maíz, non téis por que ir traballar ó campo", pero nunca me doblegou. E eu dicíalle: "eu son feliz así, como tí eres feliz doutra maneira".





Carmen

Cando estaba embarazada do meu segundo fillo, ós seis meses de embarazo, tiveron un accidente, caín da bicicleta e quedei moi mancada. Estiven varios meses sen poder valerme por mín mesma, e, ata o parto, completamente inmovilizada. Foi grazas a miña nai e a miña sogra que puideron saír adiante.


Estiven “enyesada” ós meses e tiñan que acostarme, levantarme, axudarme a todo. E como o “yeso” era moi húmido facían fogueira con caldea, e envolvíanme en colchas de algo-

dón que quentaban na cociña de pedra.

A miña sogra estivo comigo todo o tempo, lavábame, alimentábame, ía comigo ó baño. Estareille sempre agradecida polos seus coidados.

Anos despois, cando miña sogra se puxo mal, fun eu a que a coidou. Estou moi orgullosa de ter coidado dela, tentando facelo tan ben como fixera ela comigo antes. Tívenlle moito cariño, eu sempre lle chamaba mamá, porque se portou comigo como unha nai.





Consuelo


Mi historia es la siguiente: yo empecé de muy niña, con siete años, a cuidar de mi hermano, tres años menor que yo, y luego de mi hermana, nueve años menor que yo.

Esto me sirvió luego para cuando tuve a mis cuatro hijos, espero haberlo hecho bien; y por último cuidé a mi madre varios años, ya que estaba malita. Ojalá la tuviese

viva para seguir cuidándola.

En conclusión, desde muy pequeña dediqué mi vida a cuidar a los que me rodean, con entereza, entusiasmo, y mucha fuerza de voluntad, para poder hacer de mis hermanos, como de mis hijos, personas de bien, responsables e independientes. Creo que realmente lo hice bien, ya que actualmente continuo cuidando de mis nietos.





Juan

Eu vivía en Santiago, miña nai ía ás aldeas a levar pescado, e eu ía con ela porque o meu irmán pequeno acababa de nacer, así que a tiña que acompañar. Nós íamos as aldeas co pescado, e traíamos de volta gran ou outras cousas que nos fixesen falta. E volvíamos de noite, ata a carretera "general" para coller o coche. Eu levaba un "hatillo" nos brazos, pero ó cabo dun pouco cansábame.

Aínda así, eu prefería levar un saco antes que levar a meu irmán, porque o saco na espalda ben o levaba. Miña nai levaba un saco e porriba un cesto con ovos, na cabeza. E eu tiñalle medo ó lobo, porque daquela había lobos, e corría pero cansábame e pousaba o saco nun valado. Descansaba, e volvía ás presas ó paso de miña nai. Nunha destas, miña

nai ía camiñando e tropezou nunha raíz, e xa lle ían o saco e os ovos polo aire, así que miña nai tirou ó neno a unha toxeira, e colleu o cesto dos ovos, anque se fixo unha boa tortilla alí. E así chegamos á carretera. O bó do asunto é que os ovos que estaban rotos, papábaos eu. ¿E o neno? Nada, ó neno non lle pasou nada, medrou e agora ten un restaurante.


Algunhas veces miña nai tiña que ir a acabar de repartir o pescado e deixábame a mín con meu irmán, e el choraba, porque tiña fame, ou estaba sucio, e eu metíalle unha mazá na boca e calaba... Tiña eu uns once anos...

Despois, cando operaron a miña nai da hernia, dúas veces, ía eu facerlle os recados. Despois con quince anos, eu

andei a recoller o leite de Santiago a Arzúa, co da Lechería Montañesa de Santiago, e había moita picardía, porque lle botaban auga e sal ó leite, botábanlle moita porquería. Dicían que a vaca come verde, e por iso saía o leite tan claro, pero ó probalo sabíase que

lle botaran sal. Xa traballara antes, con catorce ou quince anos, nunha unión cristaleira, en Santiago, na rúa das Rodas, gañaba unha peseta ó día, e despois volvíñ ás clases con meu irmán o maior, que era mestre.





Julia

Cando eu era nena, igual que agora, o día de Reis era un día especial, os Reis Magos traían pequenos detalles como galletas, gominolas...

Os primeiros Reis que tiveron cando comecei no colexio aos seis anos, lémbroo ben, como se fose onte. A miña irmá pequena regaláronlle unha moneca e a mín unha bufanda moi bonita, branca e vermella, moi quentiña, para abrigarme cando iba ao colexio.

Sentinme moi triste porque eu quería a moneca, quería un xoguete coma ela, porque daquela era difícil ter unha moneca, poucas nenas as tiñan.

Dende entón quixen ter unha moneca bonita só para min, e agora vou recollendo todas as que as persoas que coñezo tiran, báñoas, péinoas, póño-lles traxes bonitos e regáloas a nenos e nenas aos que coma min os Reis non lles deixaron xoguetes.





Luisa

Eu era unha muller nova cando casei, aínda non tiña os 17 anos, cumpríaos xusto nese mes. Ao comezo estivemos tres anos sen ter fillos, despois tiveron outros dous fillos máis seguidos que se levaron 14 meses.

Pouco despois de nacer os nenos o meu marido foise para Venezuela a buscar traballo e eu quedei aquí cuidando da miña nai e dos nenos, pero ao morrer ela marchei para Venezuela onde o meu home e deixei aos meus dous fillos co meu irmán. Fun nun barco, chamabase “Begoña” e estiven 15 días de viaxe, mareei-me moitísimo.

Eu choraba moito por non ter aos nenos comigo, así que, en canto puidemos, compramos unha pensión na que alugabamos as habitacións e daba-

mos comidas e por fin puidemos traer aos nenos con nós cando eles tiñan 7 e 8 anos. Cando chegaron eles non sabían nadiña e eu ensinaballes as letras e a tabla os domingos pola tarde na casa.

Aos 14 anos tivemos outra filla, toda a familia me axudaba a coidar dela, sobre todo os irmáns maiores que a querían moito. Cando ela tiña 15 anos voltamos para aquí, pero os fillos maiores xa tiñen feita a vida alí e quedáronse.

Desta vez viñemos en avión e dende entón vou visitar aos meus fillos a Venezuela tódolos invernos e quedo alí tres meses, porque alí non hai inverno, sempre fai calorciño.

Cando pensó na miña vida sinto que teño sido feliz por unha parte porque teño unha

famila moi boa e uns fillos e
netos que me queren moito e
me coidan cando me sinto en-
ferma. Sintome moi rica en ca-
riño e esa é a o final a mellor
riqueza que se pode ter.



Marina

Eu veño dunha familia de músicos, na miña casa os ensaios dos grupos de gaitas facíanse na cocíña; así que dende pequena xa me sabía tódalas cancións que tocaban e as que escoitaba na gramola, tiña moi bo oído, podía recordalas moi rápido con so escoitalas unha vez.

O grupo pedíanme que cantase con eles, ao principio dabame moita vergonza pero pouco a pouco funme animando e ao final encantabame e desfrutaba moito cantando.

Un día dixeronme que iban ter unha comida na miña casa para que lles ensinase tódalas cancións que sabía, prepararon un cocido para todos, pero había pan de millo e a min non me gustaba, entón un primo meu foi a unha panadería cercana sen decirme nada

a buscarme un pouquiño de pan de trigo para que comera o cocido. A min aquilo iso fíxome moita ilusión.

O grupo seguía a ensaiar na miña casa é ao final fun eu quen lles escollín o nome “Os Portos de Tebra” que foi o que lles quedou, aínda temos todos os instrumentos na casa.

Eu estaba toda orgullosa porque lles ensinara as cancións e lles puxera o nome.

Casei con 18 anos e marchamos a Suíza, primeiro o meu home e logo dous anos despois fun eu. Aos tres anos voltei porque o meu tío enfermou e tiña que coidalo; para voltar a marchar a Suíza despois.

Pasamos 6 anos en Suíza, voltamos para Galicia e xa tivemos os fillos aquí, o grupo de

música xa non existía porque a mayoría se foron a emigración a Arxentina, Suíza...


A miña vida foi máis ben con música, eu a música sempre a vivín, sempre estiveron con música, o meu home tamén é músico, toca o saxo.

Teño dous fillos: un en Gondo-

mar, casado e vivindo e traballando alí; teño tamén dous netos e a miña ilusión e ir velos e estar con eles sempre que poido. Son os meus quitapenas.

O fillo menor foise a Suíza a traballar e aos tres meses tivo un accidente e agora está de baixa, co que estou preocupada por el.





Natalio

Eu marchei para Avila con 16 anos, a defunta da miña nai morreu nova, tiña 35 anos, e nos eramos 10 irmáns, tiven que irme para axudarlle a meu pai.

En Avila estabamos 7 meses, traballabamos por temporadas nunha fabrica de ladrillos incluso os sábados, era un traballo moi duro. Alí estiven 3 anos.

Despois funme a traballar en Soria, alí era un pouquiño mellor pero facía moito frío. Antes de irme a Soria o carpinteiro fixome unha maleta de madeira que me costou 300 pesetas e foi a que usei para levar as miñas cousas na viaxe.

Volvín traballar a Galicia, pero ao pouco tempo marchei traballar a Alemania e alí estiven 39 anos, eu ó principio fun ca idea de estar alí só un ano e aforrar para comprar unha moto.


Gústame moito Alemania, a miña vida foi alí, cando voltei fai medio ano chorei coma un neno, e teño moitas ganas de ir de visita para ver aos meus amigos e veciños.

Cando cheguei botaba de menos o que deixara alí pero agora cada día estou mellor aquí e máis contento, sobre todo polo campo tan grande e os animais que teño e que coído, e dos que disfruto moito.

A miña muller conocina nunhas vacacións aquí, casamos e ela non me acompañou a Alemania porque tivo que coirar aos seus pais, eu viña a vela sempre que podía dúas veces ao ano. A miña vida foi moi dura, sobre todo por non

poder ver crecer aos fillos e ter que vivir solo en Alemania, ao final sentía que a casa me caía enriba e por iso ao final decidín voltar para poder desfrutar da familia e de todo o que fun construindo aquí durante tantos anos.





Orita

Eu teño unha amiga moi querida, Carmen, á que vou visitar moitas veces, porque vive preto de mín. Cando saio pasear, paso pola súa porta. Se a porta está medio pechada, bérrolle: “mal raio parta a esta porta, sempre está pechada!”, e ela contesta “Se non queres, non entres!”, pero eu xa estou dentro.

Unha vez pasou que Carmen estaba moi ocupada, porque tiña que facer moitos traxes para o entroido, porque ela é costureira, e eu vía que igual non daba feito. E preguntáballe: “E non che vai faltar tempo?” E ela dicía que non, que daba. Pero eran moitos traxes, así que ó final púxenme eu tamén, ela a coser, e eu a axudar e acabámoslos facendo.

O meu marido estivo emigrado na Suíza, mentres tanto, eu

vivía con meus pais e cinco fillos. Ó cabo dun par de anos puido aforrar para ir facendo unha casa, e quixemos que os meus pais viviran connosco.

O meu home díxolle ó sogro que tiña que elixir a habitación que máis lle gustara, e cando a elixiu, meu marido gastou os cartos que lle quedaban en amueblarl-la. Pero a nosa habitación e a dos nenos quedou sen mobles novos porque non había máis diñeiro.

Meu sogro choraba, non sabía se de agradecemento ou de pena, porque eles tiñan unha habitación nova e o resto de nós non, pero meu marido díxolle: “Meu sogro, eu quero que os anos que vivan a partir de agora os vivan ben, limpos e despreocupados, para os outros xa irei aforrando para o ano que vén”.





Ramón


Me levanto a la mañana, a echarle maíz a los animales y disfruto. Disfruto con las ovejas, tengo un pony también, y lo paso en grande. En la finca tengo frutales, me gusta regarlos, en eso paso todo el día. Me alivia. Muchas veces me llama [mi mujer] Julia para comer, y todavía estoy con la manguera. Voy a la huerta, cojo verdura, le echo a los pollos. Para cuidar los frutales, me pongo de rodillas, porque tengo la columna fija, y los limpio alrededor. Les hago una charquita. Y tengo estas actividades, que es lo que me salva. A Julia no, a ella le gusta salir a un lado y a otro.

Recuerdo la vida que pasé con mis padres, los cuidé a los dos hasta el último día, les daba de comer por la mano, a mamá que tenía cáncer y tenía que llevarla al servicio. En-

tonces estaba recién casado, pero ella con mi mujer, como la conocía poco, no tenía confianza, y me llamaba a mí siempre. También cuidé a mi padre. Murió mientras le daba de comer... también tenía cáncer, en los pulmones. Fue una vida así...

Pero ahora mi vida es esto: los bichos, el huerto. Una vez me vino un colegio de Vigo, dos autobuses, a ver todos los bichos, porque tengo palomas, tengo faisanes, palomas de abanico, de las otras... hasta un cerdo vietnamita. Bueno, un mundo. Los animales me animan a levantarme por la mañana, Julia viene y me dice "los animales están sin comer" y me levanto. Ahora tengo tres perritos pequeños, de esos que se le ponen lazos, y otra caniche negra, que me tumbo en un sofá que tenemos y ella

viene a dormir conmigo todos los días. En cuanto me tumbo ya está ella tocando la puerta para que le abra.



Tito

A miña historia foi un pequeno detalle que pasou. A auga da que nos servimos nos vales onde vivo eu nace nos montes, pero está a seis quilómetros. A miña pequena idea foi que a auga, cando chegara a nós, non chegara contaminada, porque non sei se se acordan vostedes cando en en Italia, ou en Chernobyl en Ucraia, hubo unha contaminación de auga, e cando lle chegou a contaminación ós veciños, lles avisaron tres semanas máis tarde e morría a xente envenenada.

Entón nós, onde temos os nacementos, quitouse esa auga, pero para que salga a auga limpa, primeiro hai que analízala onde nace, e facer que cando sae non haxa contacto co exterior, e a baixada polas tuberías ata o depósito ten que estar herméticamente cerrada,

ten que ter unhas válvulas que boten o aire fóra, para que cando chegue a auga, que non se contamine co de fóra.

Ademáis, a canalización viña polo medio da montaña, e non era baixando, senón subindo, polo que houbo que calcular unha caída nas tuberías dun tanto por cen, para que a auga mesma trouxese a suficiente forza para volver subir.


O depósito tamén ten que estar herméticamente pechado, para que se hai algún tipo de contaminación na atmosfera, non lle afecte á auga. Pero ó mesmo tempo ten que ter algún sistema de ventilación. É un sistema bastante complicado.

O ano pasado eu tiven un pequeno golpe, e o asunto foi quedando un pouco retrasado,


pero coa axuda doutra xente
fomos encontrando a forma de
ilo facendo, para que cando a

auga chegue ós veciños, che-
gue potable, e fiable.






Segunda parte:
Recoller a historia dos demais...
... e a nosa propia




Receita para recoller historias



Para recoller a túa propia historia, escóitase a tí mesma, trata de saber quén eres, qué che gusta, qué cousas te fan feliz, como te gusta que che coiden, e como coidas aos demais.

Escolle un lugar que che guste, o sitio onde te escapas para estar tranquila, contigo mesma, e podes facerte estas preguntas, escribilas, preguntar a persoas cercanas, reflexionar sobre elas:

- ¿En qué momentos da túa vida te sentiches feliz?
- ¿Qué é o que che gusta? ¿Tratas de facelo?
- ¿Adicas momentos para ti mesma, para coidarte?
- ¿Cómo coidas aos demais? ¿Cómo te coidan a ti?



Todas as persoas estamos feitas de historias que nos dan a vida, que fan que sexamos o que somos, as nosas vivencias, as nosas experiencias.

Para escoitar a historia doutra persoa, escolle un lugar tranquilo, onde poder falar e poder gozar da escoita, onde tanto tí coma ela vos sintades cómodos.

Da maneira máis amorosa e natural podes preguntarlle todo aquilo que che gustaría saber, esa sabiduría que fai que a outra persoa sexa quen é.

Algunhas ideas para recoller historias serían:

- Cántame momentos da túa vida nos que te sentiras feliz.
- ¿Sentícheste coidada ó longo da túa vida?
- ¿Cómo te coidan os que te queren?
- E tí, ¿cóidaste a tí mesma (ou mesmo)? ¿Cómo?
- ¿Cómo coidas ós demais?





Seguindo as instrucións do “recetario” deste libro, o 30 de maio de 2013 xuntámonos para contar historias co alumnado de 5º e 6º de primaria dos colexios de Goián e Tebra.

Falamos, escoitamos, xogamos, intercambiamos experiencias, pero, por enriba de todo, recuperamos o pracer da comunicación interxeracional.


Agradecementos

Agradecer é unha forma de coidar, así que non queríamos rematar sen dar as grazas a Avelino, Benjamín, Bienvenida, Consuelo, Orita, Carmen, Ilda, Julia, Ramón, M^ª Luisa, Natalio, Marina, Tito, Juan, Isabel, Marcos, Ana e Noelia polos momentos vividos xuntos no último ano. Pola compañía, polo compartir, polo cariño, por facer sentirnos ao final coma unha familia.

Queremos agradecer este andar co “ovillo”, este libro que será unha lembranza moi bonita para as nosas familias e para nós, as palabras lévaas o vento pero no libro permanecerán.

E como non agradecer ao alumnado dos colexios de Goián e Tebra de Tomiño e da facultade de Ciencias da Educación de Santiago de Compostela, polas xornadas de intercambio de experiencias e construír árbores en conxunto; tamén a Amalia e a toda a equipa de InteRed Galicia por estar aí e acompañarnos dende o cariño e a liberdade facilitando que isto puidese chegar a ser o que é, e á Cooperación Galega da Xunta de Galicia por confiar no traballo de Educación para o Desenvolvemento de InteRed.

Por último queremos agradecer a cada persoa por terse aberto a compartir dende o corazón estas historias, que deron como resultado este libro amoroso e cheo de sabiduría desa que se enraiza na experiencia da vida. Para nós foi un inmenso placer poder compartir tempos con persoas tan sabias e que nos ensinaron tanto do que son e do que somos, e descubrir que a vida esta chea de beleza, sabiduría e sorpresas maravillosas que se nos presentan a cada momento.



E aquí remata polo momento a nosa historia, o fío que fomos tecendo nesta nosa rede de coidados. Agora é o teu turno de tomar o nobelo e fiar os teus propios mundos...

A nós gustaríanos saber das túas historias de coidados. Se che apetece, podes mandárnolas a:

galicia@intered.org

Para saber máis deste proxecto, e do programa
"Actúa con Coidados"
non deixes de visitar as seguintes páxinas:

www.intered.org

www.redciudadaniaglobal.org

www.actuaconcuidados.org

Disto vai este libriño, de recoller as historias que gardamos, as vidas que nos contamos, e compartilas creando pontes que nos unan e espellos nos que mirarnos.

Para nós aí está a raíz do coidado, ser o que unha é, amar a súa propia historia, o seu conto e compartilo sabendo que o outro o acollerá e será parte da propia historia.

Realiza:



Financia:



XUNTA
DE GALICIA



cooperacióngalega

